

## **O PP critica que non se atendan os requirimentos do “Defensor del Pueblo” sobre a Carballeira e o Parque Xardín e este non dispoña do obrigo Plan de Xestión.**

- Fernando Pérez critica un “des-Goberno” que nin atende os reiterados requirimentos do “Defensor del Pueblo” Don Francisco Fernández Marugán y por Don Angel Gabilondo Pujol, en relación ca correcta conservación da Carballeira e do Parque Xardín.
- Este “pasotismo” en todos os temas importantes do Concello compromete seriamente, o desenrolo do noso Pobo, a correcta conservación da Carballeira e do Parque Xardín, así como permitir un uso racional de estes espazos con fins lúdicos.
- O 23/02/2022 requiriuse a subsanación das deficiencias detectadas no requerido “Plan Director do arbolado do Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis” e como non contestaron o 19 de abril de 2022 douse o concello por desistido na tramitación dun plan de xestión.
- Isto impide a utilización de este espazo con fins lúdicos.

**30, maio, 22.-** O conxunto formado pola Carballeira e o Parque Xardín Botánico de Caldas de Reis son un elemento fundamental do noso Pobo, tanto por ser un BIC (Ben de interese cultural), como por ser o elemento icónico onde a maioría dos caldenses desfrutamos dun espazo verde e de moitas actividades sociais.

Por unha denuncia dun particular ante o “Defensor del Pueblo” en Madrid, iniciase, alá polo 2020, un expediente do que parten reiterados requirimentos non atendidos polo equipo de des-goberno, nos que se esixe a redacción, e aprobación, dun Plan Director do arbolado do Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis, que permita dispor dun Plan de Xestión que determine que ac-

tuacións de conservación precisa este emblemático elemento incluído no “Catálogo de árboes singulares de Galicia”, así como os usos que se poden dar a este entorno.

O equipo de des-goberno presenta, nas autoridades competentes, o 2/11/2021, dous anos despois de ser requirido, un “Proxecto de restauración do parque-xardín botánico e carballeira de Caldas de Reis” que pretende fose plan de xestión, o 23/02/2022, tras o análise do “Plan Director del arbolado del Parque-Jardín Botánico de Caldas de Reis”, se lle requiriu o Concello a subsanación dunha serie de deficiencias atopado no mesmo, e o non ter contestado con data 19/4/2022 deuse por desistido.

Que o Concello de Caldas de Reis non atenda os reiterados requirimentos do Defensor del Pueblo remitidos dende Madrid, e que non sexa quen de dispor dun plan de xestión da carballeira e do parque xardín compromete, tanto a conservación, como a utilización dun elemento catalogado coma BIC.

Este é un capítulo mais do pasotismo total da Alcaldía, que condiciona, de maneira fundamental, o futuro desenrolo do noso Pobo.

Nos esiximos que este sexa un entorno protexido, coidado, cunha correcta e coordinada conservación que permita o legado adecuado as seguintes xeracións, e que nos permita saber que usos lúdicos lle podemos dar que resulten compatibles con estes fins, adoptando, se fose preciso medidas correctoras, porque unha carballeira sen usos lúdicos xa non é o mesmo. E para eso temos que dispor dun Plan de Xestión requisito previo fundamental para poder obter autorizacións administrativas para o seu uso e conservación.

Actualmente temos un espazo degradado, descoidado, sucio, sen conservación e sen adecuada iluminación.